



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

Na Confederación Anpas Galegas estamos recibindo informacións por parte dalgunhas anpas sobre a intención dalgunhas direccións de centros de ensino de prorrogar a implantación da xornada única do actual curso escolar; algo que se autorizou de xeito excepcional dende as Xefaturas Territoriais de Cultura, Educación e Universidade, xustificada pola situación da pandemia naquel intre. .

Unha vez máis vemos como se intenta excluír as familias da comunidade educativa con calquera escusa, e máis nun momento no que, afortunadamente, podemos pensar xa nunha situación de normalización e de seguridade nos colexios .

Neste momento e a falla dunhas instrucións explícitas para o vindeiro curso 2021-2022, só existe a posibilidade de adaptarse á normativa vixente :

“Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados”, na que se dispón claramente o procedemento a seguir:

Primeiro: obxecto e ámbito de aplicación:

A presente orde regula os requisitos e o procedemento para a autorización nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da implantación das seguintes xornadas lectivas:

a) en sesión única de mañá

b) nunha xornada mixta: posibilitaranse outras xornadas cun mínimo de 2 tardes á semana mantendo un total de 25 horas semanais.

Segundo.- Requisitos

a) En sesión única de mañá:

1 Acordo do Consello Escolar, por maioría dos tres quintos dos seus membros.

2 Acordo do Claustro de profesores e profesoras, por maioría dos tres quintos dos seus membros.

3 Informe favorable do Servizo de Transportes da Delegación Provincial, conforme ao previsto no epígrafe sétimo da presente orde, cando o centro docente teña transporte escolar.

4 Acordo favorable do 58% do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado. Para os efectos de establecer o total do censo computaranse a nai ou o pai ou un dos titores legais do alumnado da etapa na que se pretende cambiar a xornada.

5 Plan específico de actividades extraescolares.

b) Nunha xornada mixta:

1 Acordo do Consello Escolar, por maioría dos tres quintos dos seus membros.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

- 2 Acordo do Claustro de profesores e profesoras, por maioría dos tres quintos dos seus membros.
- 3 Informe favorable do Servizo de Transportes da Delegación Provincial, conforme ao previsto no epígrafe sétimo da presente orde, cando o centro docente teña transporte escolar.
- 4 Acordo favorable da maioría absoluta do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado. Para os efectos de establecer o total do censo computaranse o pai ou a nai ou un dos titores legais do alumnado da etapa na que se pretende cambiar a xornada.
- 5 Plan específico de actividades extraescolares.

Polo tanto, esiximos o cumprimento da normativa no que se refire ao procedemento do cambio de xornada, e a inmediata recuperación das xornadas ordinarias aprobadas en todos os centros educativos galegos, nomeadamente daqueles que a viran modificada polas circunstancias expresadas neste escrito.

Compostela, na data da sinatura electrónica deste escrito.

Fernando Lacaci Batres, presidente

Isabel Calvete Carrera, vicepresidenta.